

Unha breve biografía

María Solar (Santiago de Compostela 1970) é escritora e xomalista. Coordinadora de Cultura da Corporación Radio Televisión de Galicia e presentadora e directora do programa cultural da TVG *Zigzag Fin de Semana*.

Na súa formación académica mesturou as ciencias e as letras, licenciándose en Bioloxía e Xornalismo, e diplomándose en Maxisterio, ademais de ser especialista en Información Ecolóxica e Medioambiental. No


ámbito xornalístico centrou o seu traballo na radio e na televisión, aínda que tamén colabora en prensa e revistas.

Como escritora iniciou o seu percorrido con obras de ensaio divulgativo, como *Ecoloxía na Aula* (1997), *O libro do noso mar* (1999), e de ficción pedagóxica, como *Boa sorte* (2008) ou *O tempo do revés* (2008). O recoñecemento da crítica e do público chégalle da man da literatura infantil e xuvenil con títulos premiados e traducidos a varios idiomas,

entre os que destacan: *O fillo do Pintamonas* (2009), ao que seguiron *Vou ter un irmán* (2011, Premio Frei Martín Sarmiento), *A verdadeira historia da mosca de tele* (2012, tamén Premio Frei Martín Sarmiento), *As meigas de Lupa* (2012), *Teño uns pés perfectos* (2015), *O meu pesadelo favorito* (2015. Premio Lazarillo de Creación Literaria e seleccionado para formar parte da prestixiosa lista internacional White Ravens), *Os nenos da variola* (2017, baseada na Expedición Balmis e recoñecido como o mellor traballo xuvenil na Gala do Libro Galego) ou o libro infantil *Quokka Moka* (2019).

As últimas achegas foron as novelas para adultos *As horas roubadas* (2016) e *A culpa* (2022), pola que conseguiu o Premio Xerais de Novela. Os seus libros foron traducidos ao castelán, catalán, portugués, polaco, filipino, chinés ou italiano.

A narrativa de Solar desborda imaxinación, que mestura cunha fabulosa capacidade para o humor e unha demostrada sensibilidade para o tratamento dos máis diversos temas. Posuidora dunha prosa ben depurada, as súas obras fascinan o lectorado, introducíndoo en mundos cativadores cheos de sorpresas e aventuras.





<https://www.xerais.gal/autor/es.php?tipo=autores&id=100042968>

<https://www.cultura.gal/g1/maria-solar>

<https://mariasolar.com/biografia/>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADA_Solar



A culpa

o Club de lectura opina

“Unha ventada de aire do exterior aproximou aos narices da primeira liña de empregados bancarios o fétido olor que aquela anciá emanaba”, esta fetidez podería ser unha metáfora da atmosfera moral que na que se moveu Marcela toda a súa vida, mais non, é real, é o desagradable olor de abandono físico que emana “a vella puta fedorenda”, podre de cartos, á que só escoitan por puro egoísmo e avaricia, e cunha culpa ao lombo que só quere traspasar antes de morrer.

E Amanda? É tan inocente como se nos quere facer ver nas primeiras páxinas da novela? Pode mudar a súa forma de ser tan facilmente ata ser capaz de vivir con esa culpa herdada?

Uxía Nogueira Rodríguez

A culpa de María Solar é un blockbuster literario de lectura áxil e consumo fácil. É un thriller que parte dunha débeda entre dúas mulleres que constrúen a súa vida a través dunha relación tóxica e de dependencia e que contaxia como efecto colateral a unha moza traballadora que recibe unha herdanza inesperada. Esta novela atrapa o lector dende a primeira folla esperando resolver unha trama coa culpa como protagonista principal.

Alba Payo Froiz

Mirta Val e Marcela son dúas amigas que emigran a Bos Aires, Arxentina, para fuxir do pesadelo no que se converteu a infancia de Mirta tras a morte da súa nai. Convertidas en artistas musicais, vivirán experiencias perseguindo o seu soño máis infantil, ata que unha das dúas acaba sendo a pantasma da outra. A culpa é un libro magnético que te mantén intrigada dende o inicio. Retrata dunha maneira exemplar todas esas culpas que carga consigo o ser humano e tamén como o amor extremo pode convertétese en algo enfermizo.

José Rey Cid

Con este libro, a autora introdúcenos nun texto narrativo intenso, fluído e rápido; chegando a crear unha sensación de angustia, de non poder respirar ata que desvelamos por completo esta historia de dominación, morte e relacións tóxicas na que a culpa está sempre presente.

O ritmo do libro vai de menos a máis. O inicio é intrigante e potente, mais a aparición do diario é de impacto. Xa na recta final é imposible parar. Ademais o uso de capítulos curtos fai que te enganches aínda máis á lectura.

A historia está dividida en tres partes que nos narran a vida de Marcela e Mirta. De como logran sobrevivir a moitas adversidades, chegar a Arxentina e mesmo facerse famosas. Mais esta é unha amizade tóxica. Marcela é posesiva e controladora e Mirta pasa toda a vida mantendo unha culpa que xa forma parte dela. A autora é capaz de introducirnos na vida das protagonistas ata o punto de poder xustificar o inxustificable.

Un libro que sorprende páxina a páxina e cun final de grande impacto e inesperado.

Sylvia Cea Vázquez



Para saber máis:

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100058143365299>

<https://mariasolar.com/>

O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Mangue!]

A marelta tarabela

Nº 32

Maio-2023

Boletín da Biblioteca Mario Pereira do Instituto “Ramón María Aller Ulloa”

A culpa

A novela *A culpa* desprega nas súas páxinas unha crúa denuncia da condición humana sometida aos vaivéns da violencia de xénero, alimentada pola falta de conciencia igualitaria; e sustentada nunha firme vontade de eficacia comunicativa, que no plano lingüístico devén na procura dunha lingua coidada, cunha adxectivación funcional, mais non ornamental, amosando un estilo narrativo próximo á estética do best-seller, observable na sinxeleza léxica e sintáctica e na cuidada estrutura narrativa, recreando unha atmosfera alicerzada nos motivos da violencia e do aniquilamento do individuo, así como da soidade e incompreensión da que son vítimas dúas mulleres, Mirta e Marcela, protagonistas dunha dupla historia estruturada en espiral (Amanda, o diario de Mirta e de novo Amanda) que conclúe nun final que non deixa indiferente. Tampouco faltan doses de crueza moral e de compaixón cara ás vítimas, convertidas en xuízas ou xusticeiras, resultando daquela un produto literario que vai turrando de nós con suma sensibilidade; de aí a prioridade concedida ao tempo interno, psicolóxico, en detrimento do tempo cronolóxico, malia principiar de xeito lineal coa presentación de Amanda e a herdanza, para deseguido mergullarnos de cheo no diario de Mirta e volver de novo ao protagonismo lineal do desenlace centralizado en Amanda.

Por parte, a novela preséntanos en xeral características propias da narrativa feminista e realista con elos de violencia sistémica ao abeiro do machismo, ao que se apón a resposta xusticeira, obrigada pola falta de amparo legal; a amizade perturbadora, e con outros elos complementares relacionados coa emigración, a homosexualidade, a envejecencia, a problemática familiar, o mundo artístico... Por canto ofrece unha denuncia da sociedade patriarcal, aldeá e urbana, deshumanizada e individualista, e na que Mirta e Marcela compartirán pasividade, éxito, prexuízos, mesquindade, degradación e violencia, o que polariza as relacións dos diferentes personaxes, vivindo Mirta, como personaxe detonante, un clima de sometemento e pesimista resignación argumental, desenvolvida a partir da especie de entelequia na que se ve sumida Amanda, sorprendida por unha herdanza causante da antítese entre fama e benestar económico o que provocará que Enric tamén siga o plan trazado por Marcela. E entremedias o diario de Mirta, un terapéutico exercicio de confesión procesual, un “vómito” estarrecedor, escrito desde unha perturbadora primeira persoa central e amargamente emotiva, que só atopa acougo en Eduardo. Mais a culpa que a atormenta fará que agarde con impaciencia a fin, programada por Marcela e consentida por ela.

Ao cabo, a Amanda herdeira converterase en Marcela tras fracasar esta ser Mirta.

Xosé Payo

Esta guía

Esta guía non pretende ser unha guía exhaustiva, nin meterse en análises técnicas ou estilísticas.

Con ela só queremos facer unha serie de suxestións (prescindíbeis)

para que o texto se converta nun pretexto para a comunicación. Comunicarse cun libro na man ou cos seus e cos na memoria...



Guía de lectura [nº 20]

A culpa de María Solar



